

ESTATUTOS

-CAPITULO PRELIMINAR-

-ARTIGO 1º-

1.- Constituese, con sede en Ferrol, por tempo indefinido, e coa denominacion patronimica de "Asociación Cultural Memoria Histórica Democrática", esta asociacion que tera, conforme ás leis, capacidade xurídica propia.

2.- O rexime da asociacion determinarase polos presentes estatutos e os acordos validamente acadados pola súa asemblea xeral e organos directivos, dentro da esfera da súa competencia. Rexerase asi mesmo segundo o establecido na Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociacion.

-CAPITULO PRIMEIRO-

-FINS DA ASOCIACION-

-ARTIGO 2º-

Son fins desta asociacion a difusion da historia e o homenaxe ás persoas que foron perseguidas pola súa loita en prol da liberdade e da xustiza social, mediante a edición de libros e publicacións periódicas, a realización de xornadas culturais e a organización de encontros e seminarios.

-CAPITULO SEGUNDO-

-ENDEREZO DA ASOCIACION-

-ARTIGO 3º-

Esta asociacion tera o seu domicilio social provisional na sede do Ateneo Ferrolán, na rúa Magdalena 202-204, Ferrol (A Coruña)

-CAPITULO TERCEIRO-

-AMBITO TERRITORIAL DE ACCION PREVISTO PARA A ASOCIACION-

-ARTIGO 4º-

O ambito territorial de accion para a asociacion extendese a totalidade da comunidade autonoma de Galiza.

-CAPITULO CUARTO-

-ORGANOS DIRECTIVOS E FORMA DE ADMINISTRACION-

-ARTIGO 5º-

Os organos directivos e de administracion desta asociacion son:

- 1.- A asemblea da xunta xeral.
- 2.- A xunta directiva e rectora.
- 3.- Ola presidentela.
- 4.- Ola secretario\la xeral.

-ARTIGO 6º-

O organo supremo desta asociacion sera a asemblea xeral, integrada polos\as socios\as, que adoptaran os seus acordos de xeito democrático, polo principio maioritario; debera convocarse alomenos unha vez o ano, para a aprovacion de contas e orzamentos, e en sesion extraordinaria, segundo o establecido nos presentes estatutos.

A Asemblea entenderase constituída sempre e cando estiveran presente un 10 por cento do total dos socios da Asociación.

A orde do día das reunións será fixada pola Xunta Directiva, podendo propoñer un número de socios non inferior ao 10 por cento do total a inclusión na orde do día de calquera cuestión que interese á Asociación.

1.- É competencia da asemblea xeral extraordinaria, exercida mediante o voto favorable das dúas terceiras partes dos/as asociados/as presentes ou representados, decidir sobre os seguintes asuntos:

- a) Nomeamento da xunta directiva e cese dos membros da mesma.
- b) Modificación dos estatutos.
- c) Disolución da asociación.
- d) Expulsión de socios/as a proposta da xunta directiva.
- e) Disposición e enaxenación de bens.
- f) Constitución de federacións e integración nelas.
- g) Solicitude de declaración de utilidade pública.

2.- É competencia da asemblea xeral ordinaria:

- a) Acorda-los gastos que teñan que ser atendidos, con cotas extraordinarias así como o seu establecemento; ao igual que o das cotas ordinarias.
- b) Resolve-la aprobación do orzamento anual e as súas contas.
- c) Resolve-la aprobación do inventario anual de bens, mobles e inmobles, a súa valoración detallada realizarase polo membro da directiva que esta designe.

3.- De cada unha das reunións que teñan lugar levantarase a acta correspondente.

-ARTIGO 7º-

A xunta directiva da asociación formarase polo/a presidente/a, os vocais que se elixan, e polo/a secretario/a.

Todo os cargos directivos elixiranse entre os/as socios/as pola asemblea xeral extraordinaria mediante votación maioritaria e o seu mando terá unha duración de dous anos, tendo que renovarse anualmente a metade dos cargos.

O cese dos cargos directivos poderá producirse pola renovación dos mesmo, pola súa dimisión ou por decisión da asemblea xeral, reunida en sesión extraordinaria.

As competencias da xunta directiva son as seguintes:

- a) Toma-los acordos normais de goberno e administración da asociación .
- b) Aprova-los gastos que teñan consignados no orzamento.
- c) Organiza-las actividades planificadas pola asociación.
- d) Formaliza-lo proxecto do orzamento anual, a memoria e plan de actividades.
- e) Formula-lo acordo de convocatoria en sesión extraordinaria de asemblea xeral para a resolución de diversos temas; esta convocatoria debe ser solicitada polo menos pola terceira parte máis un dos/as socios/as

-ARTIGO 8º-

As atribucións do/a presidente/a da asociación serán:

- a) Exerce-la representación legal da asociación mediante acordo da xunta xeral para actos concretos.
- b) Anunciar e presidir as sesións da asemblea xeral e da xunta directiva; e decidir en caso de empate, nunha segunda votación.
- c) Ordenar pagos por conta dos fondos da asociación, previo acordo do gasto decidido pola asemblea xeral o a xunta directiva. A ordenación do pago efectuarase co "conforme" na factura presentada.

-ARTIGO 9º-

O secretario/a da asociación terá os seguintes cometidos:

- a) Asistir ás sesións da asemblea xeral e da xunta directiva.
- b) Leva-lo libro de rexistro de altas e baixas dos/as asociados/as, con nomes, apelidos e domicilio, así como un fichero dos mesmos.
- c) Leva-lo libro de actas correspondentes as reunións da asemblea xeral e da xunta directiva.
- d) Leva-lo libro de contabilidade no que figuren todos os movementos, tanto de gastos como de ingresos, precisando a procedencia dos mesmos.
- e) A expedición de certificacións relativas aos datos que figuren nos devanditos libros de altas e baixas de asociados, actas e contabilidade.

-ARTIGO 10º-

As sesións da asemblea xeral e xunta directiva realizaranse no local da asociación, e terán que anunciarse, como mínimo, con quince días de antelación para a asemblea xeral e corenta e oito horas para a da xunta directiva.

No momento sinalado para o comezo da sesión, o/a presidente/a a declarara aberta se esta presente a maioría dos membros. De non cumprirse este requisito sinalarase nova data e hora para a reunión na segunda convocatoria, que non pode ser inferior a vinte e catro, esta convocatoria poderá celebrarse coa presenza da terceira parte dos asociados.

No recuento en ambos os dous casos teranse en conta tanto aos socios/as presentes como aos representados/as fehacientemente. Na terceira convocatoria a asemblea celebrarase co número de asociados/as presentes.

Cando a xunta directiva estimeo procedente, segundo a materia que teña que tratarse, poderán asistir como asesores cualificados, sen voto, profesionais especialistas nos temas que figuren na orde do día.

-CAPITULO QUINTO-

-ASIOS SOCIOS, PROCEDEMENTO DE ADMISION E PERDAS DA CONDICION DE SOCIAO-

-ARTIGO 11º-

1.- Poderán ser socios/as as persoas maiores de idade, ou con capacidade que o soliciten a xunta directiva e entenderanse admitidos/as sen acordo especial dende o día 1º de cada mes, os que teñan pedido en calquera día do mes anterior, estando obrigados/as o darse de alta no pago das cotas ordinarias que estean establecidas.

2.- Soamente os/as socios/as poderán asistir as asembleas que teñan lugar, tendo nelas voz e voto.

3.- A condición de socio/a leva implícita a aceptación dos estatutos, e de cantos acordos en materia de goberno, administración e actividades adopten os órganos rectores.

4.- Por acordo da asemblea xeral, poderanse organizar todas as seccións que se desexen para un mellor cumprimento dos fins da asociación.

-ARTIGO 12º-

Serán dereitos dos/as socios/as:

1.- Deliberar e votar en condicións de igualdade na asemblea xeral.

2.- Utilizar os servizos da asociación e recibir información da situación da mesma, en condicións de igualdade.

3.- Formar parte da xunta directiva nos cargos elexibles.

4.- Separarse voluntariamente da asociación en calquera tempo.

-ARTIGO 13º-

Serán deberes dos/as socios/as:

1.- O aboamento da cota establecida.

2.- A aceptación dos acordos e decisións que se establezan na asemblea xeral e na xunta directiva.

-ARTIGO 14º-

O incumprimento dos deberes dos/as socios/as dara lugar á posibilidade de adoptar sancións por parte da xunta directiva, que poderán ser de apercibimento, separación temporal ou expulsión da asociación. Todas as sancións poñeranse en coñecemento da asemblea xeral, que poderá ratificar, modificar ou anular os acordos da xunta directiva.

-ARTIGO 15º-

Os acordos de admisión de socios tomaranse pola Xunta Directiva, e poderán ser recurridos en reposición ante a Asemblea Xeral Extraordinaria. Contra a súa reposición poderá interpoñerse recurso perante a xurisdicción ordinaria, no prazo de coarenta días.

-ARTIGO 16º-

A condición de socio pérdese:

- Por decisión da xunta directiva, baseada no incumprimento dos deberes dos/as asociados/as, ratificada pola asemblea xeral.
- Por vontade propia, reflexando tal decisión nun escrito dirixido á Xunta Directiva da Asociación.

-ARTIGO 17º-

A sanción de expulsión dos/as socios/as será acordada pola Xunta Directiva, previa audiencia do interesado. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral Extraordinaria, e contra a súa resolución poderase recurrir perante a xurisdicción ordinaria, no prazo de dez días.

-CAPITULO SEXTO-

-PATRIMONIO, RECURSOS ECONOMICOS PREVISTOS E LIMITES DO PRESUPOSTO-

-ARTIGO 18º-

O patrimonio da asociación constitúe un fondo económico de 300 euros, avalado coas sinaturas do/a presidente/a o do/a secretario/a da asociación.

-ARTIGO 19º-

A Asociación levará os seguintes libros:

- Libro de Altas e Baixas de Asociados.
- Libro de Actas das reunións da Asemblea Xeral e Xunta Directiva.
- Libro de Contabilidade, no que figuren os gastos e ingresos, indicando a súa procedencia.

Calquera certificación sobre os contidos dos devanditos libros será asinada polo Secretario da Asociación.

A todos os efectos, a data de peche do exercicio asociativo será o día 31 de decembro.

-ARTIGO 20º-

Os recursos de esta asociación basaranse nas subvencións e axudas que se reciban da administración; tamen de herencias, legados, e doacións que poidan recibirse e das cotas ordinarias e extraordinarias aportadas polas/os socias/os.

-CAPITULO SEPTIMO-

-ARTIGO 21º-

A asociación poderá ser disolta por decisión da asemblea xeral extraordinaria; debido a perda das razóns da súa creación e o incumprimento dos fins esenciais.

-ARTIGO 22º-

No caso de disolución o patrimonio será dedicado a fins benéficos.

De conformidade co artigo anterior, as/os abaixo asinates comprométese, en calidade de representantes desta asociación a cumprir e vixiar o cumprimento, por parte de todos/as socias/os, das normas dos presentes estatutos.